

BEAUVOIR (texto 1)

O segundo sexo vol I: “Os feitos e os mitos”

"(...) o que define dunha maneira singular a situación da muller é que, sendo como todo ser humano unha liberdade autónoma, **descóbrese e escóllese nun mundo en que os homes lle impoñen asumirse como a Outra**: preténdese fixala como obxecto e conságrala á inmanencia, xa que a súa transcendencia será permanentemente transcendida por outra consciencia esencial e soberana. **O drama da muller é este conflito entre a reivindicación fundamental de todo suxeito, que se presenta sempre como o esencial, e as esixencias dunha situación que a constitúe como inesencial**. Como se pode realizar un ser humano dentro da condición feminina? Que camiños lle están abertos? Cales conducen a unha rúa cega? Como atopar a independencia no seo da dependencia? Que circunstancias limitan a liberdade da muller e cales pode superar? Estas son as cuestións fundamentais que nos gustaría elucidar. **Queremos dicir que, interesándonos nas oportunidades do individuo, non definiremos esas oportunidades en termos de felicidade, senón en termos de liberdade.**"

CONTEXTO

O pensamento feminista de Simone de Beauvoir aparece recollido fundamentalmente na súa obra *O segundo sexo* (1949), que se sitúa nun momento de cambio dentro do feminismo, entre unha etapa centrada na loita polos dereitos civís e políticos, como o sufraxismo, e outra posterior na que se comezan a cuestionar máis a fondo as relacións de poder entre homes e mulleres e mesmo a propia idea do que significa ser muller.

A súa reflexión está fortemente influída polo existencialismo, corrente na que participou activamente xunto con autores como Jean-Paul Sartre ou Albert Camus. Desde esta perspectiva, deféndese que o máis importante é a liberdade individual, é dicir, a capacidade de cada persoa para construír os seus propios valores e opoñerse a calquera forma de imposición. A partir desta ética, Beauvoir analiza a situación das mulleres empregando nocións como liberdade, transcendencia ou situación, insistindo en que a vida humana está condicionada por circunstancias concretas pero non completamente determinada por elas.

Xunto ao existencialismo, tamén recibe influencia do marxismo, que lle resulta útil para explicar como as estruturas económicas poden xerar relacións de dominación, especialmente entre homes e mulleres. Porén, considera que esta teoría concede un peso excesivo aos factores materiais e técnicos, deixando nun segundo plano aspectos culturais e vitais igualmente importantes. Ademais, critica que o marxismo tende a interpretar o comportamento humano de maneira demasiado determinista, reducindo o espazo da liberdade individual.

Do mesmo xeito, Beauvoir toma certos elementos do psicoanálise de Sigmund Freud, como a importancia do inconsciente ou a estrutura da personalidade. Non obstante, tamén se amosa crítica con esta corrente, xa que entende que pode caer nun determinismo psíquico que limita a responsabilidade e a liberdade das persoas. Ademais, cuestiona interpretacións concretas, como algúns complexos formulados por Freud, e sinala que o psicoanálise tende a explicar a realidade feminina desde parámetros masculinos, reducindo a opresión das

mulleres a unha cuestión exclusivamente sexual e adoptando así unha perspectiva claramente androcéntrica.

TEMA PRINCIPAL

Este fragmento pertence a *O segundo sexo* (1949), obra fundacional do feminismo existencialista de Simone de Beauvoir. O **tema principal** é a denuncia da **construción social da muller como o "Outro"** e a análise do conflito que supón para o ser humano feminino ser reducido á **inmanencia** (obxecto) cando a súa natureza é a **transcendencia** (suxeito libre).

COMENTARIO

como se sinalaba no contexto Beauvoir utiliza o marco conceptual do existencialismo sartriano para explicar que a muller non ten unha esencia fixa —"non se nace muller, chégase a selo"—, senón que a súa situación de subordinación é un produto cultural e histórico que debe ser superado.

As ideas principais do texto artículanse a través da distinción ontolóxica entre o **ser-en-si** e o **ser-para-si**. Beauvoir sinala que, mentres todo ser humano é orixinalmente unha "liberdade autónoma" (un ser-para-si con capacidade de proxecto), a sociedade patriarcal pretende "fixala como obxecto e conságrala á inmanencia", como podemos observar no texto.

Esta manobra convértea nun ser **inmanente**, cuxa vida limítase ás funcións biolóxicas e ao coidado, tarefas que a tradición considera propia das mulleres, porque connatural da súa *esencia*. A tal propósito Beauvoir utiliza a expresión "eterno feminino" entendendo unha hipotética esencia feminina da cal se derivarían todas as características que a tradición patriarcal atribúe ás mulleres. Entre elas: a fragilidade, a irracionalidade, a emotividade, a pasividade etc..

O obxectivo de Beauvoir é cuestionar as verdades absolutas sobre o que significa "ser muller" argumentando que a sociedade non permite que as mulleres se desenvolvan como individuos autónomos, forzándoas a ocupar un lugar de obxecto decorativo ou funcional en vez de deixalas ser as donas do seu propio proxecto vital.

O texto destaca o "drama" desta asimetría. Beauvoir retoma aquí a **dialéctica do amo e o escravo de Hegel**, pero aplicada ao xénero, explicando como a conciencia masculina se afirma ao opoñerse á feminina e ao outorgarlle a esta o rol de subordinada. De aquí o significado do título da súa obra máis relevante "O segundo sexo". A muller é segunda con respecto ao home que é o primeiro. "Home" é o termo que se utiliza para indicar ao xénero humano. Desde esta perspectiva o home é o "esencial" e a muller o "inesencial".

Beauvoir expón as preguntas fundamentais que guían a súa investigación: "Como se pode realizar un ser humano dentro da condición feminina?". A autora rexeita categoricamente medir o progreso feminino en termos de "felicidade" —un concepto que a miúdo serve para xustificar a compracencia na servidume— e sitúa a **liberdade** como o único criterio de validación existencial. Para superar esta rúa cega, Beauvoir suxire que a muller debe recuperar a súa capacidade de **transcendencia**, o que implica romper coas estruturas

culturais que a fixan como un ser-en-si e loitar por unha independencia que comeza pola autonomía económica e a educación igualitaria, permitindo así que a súa existencia preceda á súa esencia e poida, por fin, ser a dona do seu propio proxecto vital.

O tema da liberdade refórzase no fragmento coa seguinte afirmación: “non definiremos as oportunidades en termos de felicidade, senón en termos de liberdade”. Esta frase debe entenderse no marco da ética existencialista, que sitúa a liberdade individual como valor fundamental. O existencialismo dá prioridade á capacidade de cada persoa para construír a súa propia escala de valores e para rexeitar calquera autoridade que limite esa autonomía.

Neste sentido, Beauvoir afástase dunha concepción tradicional da felicidade como fin último, xa que esta podería implicar adaptación ou conformismo coas condicións dadas, que a filósofa (con Sartre) tacharía de “mala fe”. Pola contra, o esencial é que o individuo poida elixir libremente o seu proxecto de vida. Así, as “oportunidades” non deben medirse polo benestar ou satisfacción que producen, senón pola posibilidade real de exercer a liberdade.

Esta idea é clave na súa análise da situación da muller. Historicamente, ás mulleres negóuselles a liberdade de decidir sobre as súas propias vidas, relegándoas a un papel de inmanencia (ligado ao doméstico e ao biolóxico), mentres que os homes ocuparon o ámbito da transcendencia (a acción, a cultura, a historia). Aínda que en certos casos se podía considerar que as mulleres eran “felices” no seu rol tradicional, Beauvoir denuncia que esa felicidade non é auténtica se non vai acompañada de liberdade.

Ademais, o concepto de “situación” resulta fundamental: a liberdade non se exerce nun baleiro, senón dentro dunhas condicións sociais e históricas concretas que poden limitarnos. Por iso, a loita pola emancipación feminina consiste en transformar esas condicións para facer posible unha liberdade real e non só formal. PPara concluír debemos recordar que Beauvoir sinala a importancia do corpo da muller xa que as mulleres foron historicamente identificadas unicamente co seu corpo; con todo, para Simone de Beauvoir o corpo non é algo meramente biolóxico, senón unha realidade vivida, xa que constitúe a forma na que nos relacionamos co mundo. Esta vivencia está condicionada polo contexto cultural, polo que este resulta clave á hora de explicar a situación de subordinación feminina.

RELACIÓNS CON OUTRXS AUTORXS

O segundo sexo constitúe unha obra claramente crítica con calquera visión esencialista ou naturalista da muller, xa que rexeita a idea de que a feminidade sexa algo fixo ou determinado por unha suposta esencia ou pola bioloxía. Neste sentido, pode entenderse como unha continuidade e ao mesmo tempo unha profundización da tradición feminista iniciada por figuras como François Poullain de La Barre, Olympe de Gouges ou Mary Wollstonecraft, así como do movemento sufragista representado por autoras como Emmeline Pankhurst ou Elizabeth Cady Stanton, que defendían que o corpo feminino non debía ser un impedimento para o recoñecemento de dereitos.

Co paso do tempo, esta obra converteuse nun referente fundamental do pensamento feminista, situando a Simone de Beauvoir como unha das autoras máis influentes do século XX. A súa análise destaca por abordar a condición feminina desde múltiples perspectivas e por sentar as bases do feminismo contemporáneo, especialmente ao distinguir entre o sexo

biolóxico, dado ao nacer, e o xénero como resultado dunha construción social. Esta diferenciación abriu novas liñas de reflexión e debate, do mesmo xeito que a súa interpretación da maternidade como unha posible limitación para a liberdade das mulleres.

Estas cuestións xeraron distintas respostas dentro do feminismo posterior. Por unha banda, o chamado feminismo da diferenza reivindica o valor positivo da maternidade e das particularidades femininas, defendendo que a igualdade non implica imitar o modelo masculino, senón garantir os mesmos dereitos para que cada persoa poida desenvolverse libremente. Pola outra, o feminismo da igualdade insiste en superar os roles tradicionais de xénero, promovendo unha transformación social profunda que vaia máis alá da igualdade legal e cuestione as bases mesmas das relacións de poder entre homes e mulleres.

En definitiva, malia as discusións e críticas que provocou, O segundo sexo segue a ser unha referencia imprescindible, ao constituír un dos alicerces teóricos sobre os que se constrúe o feminismo actual.

BEAUVOIR (texto 2)

O segundo sexo vol II: “A experiencia vivida”

"Non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe que reviste a femia humana no seo da sociedade; é o conxunto da civilización o que elabora este produto intermedio entre o macho e o castrado que se cualifica de feminino. Só a mediación dos demais pode constituír a un individuo como un Outro. Namentres que a criatura exista só para si, non podería captarse como sexualmente diferenciada. Entre as nenas e os nenos, o corpo é, en primeiro lugar, p resplandor dunha subxectividade, o instrumento que efectúa a comprensión do mundo: eles apreheden o universo a través dos ollos, as mans, e non a través das partes sexuais."

BEAUVOIR, S.: O segundo sexo (vol II: “A experiencia vivida”), Xerais, 2010, (p.13).(trad. Marga Rguez. Marcuño, Revisión temático-filosófica África López Souto)

TEMA PRINCIPAL

A idea principal do texto de Simone de Beauvoir é que a condición feminina non depende da bioloxía nin dunha esencia natural, senón que é unha construción social e cultural. Beauvoir defende que “non se nace muller, chégase a selo”, é dicir, a identidade feminina fórmase mediante os procesos de socialización e os roles impostos pola sociedade patriarcal.

COMENTARIO

O texto de Simone de Beauvoir reflicte de xeito inmejorable a orixinalidade do seu pensamento ao fundir os conceptos existencialistas coa defensa dos dereitos das mulleres. A súa célebre afirmación de que «non se nace muller, chégase a selo» ilustra perfectamente a tese de que a existencia precede a esencia, demostrando que o ser humano non é algo

dado, senón un proxecto que se realiza a través das súas decisións. Coa premisa de que «ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe» da muller, a autora propónse desmontar o mito do eterno feminino e o determinismo naturalista. A sociedade patriarcal pretende condenar á muller á inmanencia, tratándoa coma un ser-en-si —un obxecto pasivo e predefinido—, cando en realidade a súa condición humana é a dun ser-para-si, unha conciencia absolutamente libre e dotada de transcendencia.

Esta asignación de roles complétase mediante o que Beauvoir describe como «a mediación dos demais», un concepto vinculado á noción de outro de Sartre e á reinterpretación da dialéctica amo-escravo de Hegel. Ao longo da historia, o home erixiuse como o suxeito absoluto mentres que a civilización elaborou o produto que se cualifica de feminino, convertendo á muller no Outro. Esta subordinación colócaa como o segundo sexo, o que supón unha caída ontolóxica e moral que a degrada a ser unha cousa.

Para explicar como se inicia este proceso, a autora analiza a infancia e sinala que «naméntes que a criatura exista só para si» non se capta como sexualmente diferenciada. Neste estadio inicial, o corpo non é unha prisión anatómica, senón «o instrumento que efectúa a comprensión do mundo». Isto conecta coa idea teórica do corpo vivido como situación, a nosa maneira de apreender o universo. Porén, a socialización diferenciada posterior rompe esta igualdade: mentres que os nenos son impulsados a transcender a través de accións valoradas culturalmente, as nenas son reducidas a funcións naturais. Así se lles nega a posibilidade de actuar libremente, anulando a súa responsabilidade moral de construír o seu propio proxecto vital. En definitiva, o fragmento é un manifesto antiesencialista que demostra que a opresión é un factor cultural, abrindo o camiño cara a unha necesaria emancipación e evolución colectiva baseada na autonomía e nunha educación igualitaria.

COMENTARIO 2

Neste fragmento Simone de Beauvoir trata de harmonizar os conceptos e as temáticas existencialistas coa defensa dos dereitos e a emancipación das mulleres. A súa célebre afirmación de que «non se nace muller, chégase a selo» ilustra perfectamente a tese de Sartre de que, nos seres humanos, a existencia precede a esencia. Coa premisa fundamental de que «ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe» que a muller reviste na sociedade, a autora propónse desmontar o mito do "eterno feminino" —ese conxunto de características consideradas "naturais" como a fraxilidade ou a pasividade— e rexeitar calquera tipo de **determinismo naturalista**. O ser humano non é algo dado nin predefinido unha vez para sempre, senón un proxecto que se vai realizando e definindo a través das decisións e os actos que se van tomando ao longo da vida en función do contexto ou situación. A sociedade patriarcal, porén, operou historicamente para impedir que a muller viva a súa **situación** de forma libre, condenándoa á inmanencia e pretendendo tratala coma un **ser-en-si** (un obxecto pechado que non pode cambiar), cando a súa condición ontolóxica é a dun **ser-para-si** (unha conciencia absolutamente libre con capacidade de transcender e decidir a súa vida). Si non se permite esta liberdade de elección, a muller experimenta unha caída ontolóxica e moral que a degrada a ser unha "cousa".

Esta asignación de roles e subordinación complétase e establécese mediante o que Beauvoir describe como «a mediación dos demais», un concepto directamente vinculado á noción de outro de Sartre e á reinterpretación desde a oposición de xénero da **dialéctica amo-escravo** de Hegel. Segundo esta dialéctica, a conciencia xorde do conflito co outro e o

suxeito afirmase cando se opón a alguén diferente; quen arrisca a vida convértese no amo e domina ao escravo. Beauvoir traslada esta figura á relación home-muller: os homes asumiron historicamente actividades perigosas que transcéndena pura repetición da vida, realizando o seu proxecto de liberdade e impoñendo os seus valores, mentres que as mulleres foron limitadas á procreación e ao coidado, tarefas consideradas naturais e un "destino biolóxico". Deste xeito, o home erixiuse como o suxeito absoluto e o primeiro, mentres que o «conxunto da civilización» elaborou o produto intermedio que se cualifica de feminino, convertendo á muller no Outro, nunha modificación de segunda clase. Esta subordinación e construción cultural, que dá nome á súa obra *O Segundo Sexo*, utilízase para manter o sistema de dominación masculino ao servizo do patriarcado, avalado por discursos científicos e culturais hexemónicos.

Para explicar como se inicia e se asenta este proceso de dominación desde as etapas máis temperás da vida, a autora analiza a infancia co método sintético-progresivo e sinala que «namentres que a criatura exista só para si» non posúe as ferramentas nin a necesidade de captarse como sexualmente diferenciada. Neste estadio inicial do desenvolvemento, o corpo non constitúe un destino anatómico nin unha barreira de inferioridade, senón que é, tanto para os nenos coma para as nenas, «o resplandor dunha subxectividade» e «o instrumento que efectúa a comprensión do mundo» a través dos sentidos. Isto conecta directamente coa idea teórica fundamental do "corpo vivido": o corpo entendido como unha situación, como a nosa maneira de aprehender e proxectarnos no universo, cuxo significado final depende do contexto cultural. Porén, a socialización diferenciada posterior rompe esta igualdade de partida. Mentres que os varóns son impulsados a transcender a súa realidade e realizar o seu proxecto vital mediante accións valoradas culturalmente por riba do natural, as nenas son condicionadas e educadas para adoptar un comportamento subordinado. Redúceselles ás súas funcións reprodutivas e ao seu corpo, negándoselles a posibilidade de actuar libremente e anulando por completo a súa responsabilidade moral de construír a súa propia vida. En definitiva, o fragmento é un manifesto antiesencialista e antinaturalista que demostra que a opresión da muller non responde a un deseño biolóxico, senón a un factor cultural que cómpre transformar. Beauvoir abre así o camiño cara a unha necesaria emancipación e cara á fin da subordinación, o cal esixirá o control do propio corpo, a independencia económica e unha evolución colectiva acadada unicamente mediante unha educación igualitaria.